

## **BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO FRADES 2024**

As bases polas que se rexerá o Concurso de Disfraces Entroido Frades 2024 son:

### **PRIMEIRA:**

Poderán participar todas as persoas interesadas, sempre e cando cumpran os requisitos establecidos.

### **SEGUNDA:**

O Concurso de Disfraces Entroido Frades 2024 terá lugar o domingo 11 de febreiro de 2024, no Pavillón municipal de Pontecarreira (Frades) a partir das 17h, co desfile das persoas participantes.

### **TERCEIRA:**

Quedan establecidas as seguintes categorías:

1ª: Categoría infantil (ata 14 anos incluídos).

2ª: Categoría adultos/as (maiores de 14 anos).

3ª. Categoría grupos (Máis de 2 compoñentes . Pode estar composto por nenos e adultos).

O tempo máximo de actuación de cada participante individual ou grupo será de 5 minutos. A música deberá ser achegada en formato MP3 ao Concello de Frades antes do prazo de finalización de inscrición no concurso.

### **CUARTA:**

O prazo de inscrición esténdese ata o venres 9 de febreiro ás 13 horas.

A inscrición formalizarase nas oficinas do Concello de Frades, presencialmente ou de forma telemática.

### **QUINTA: PREMIOS**

#### **CATEGORÍA**

- “Infantil individual” (1 ou 2 compoñentes) (Ata 14 anos incluídos)  
1º Premio: 60 €.  
2º premio: 30 €.
- “Grupo infantil” Máis de 2 compoñentes, ata 14 anos incluídos. No caso de haber persoas adultas, actuarán de acompañantes e non serán valorados os seus disfraces no concurso.  
1º premio: 100 €  
2º premio: 60 €  
3º premio: 30 €
- “Adultos individual” (1 ou 2 compoñentes maiores de 14 anos)  
1º premio: 100 €  
  
2º premio: 50 €

- “Grupo adultos ” Tres ou máis compoñentes sempre é cando un teña máis de 14 anos.  
1º premio: 300 €  
2º premio: 150 €  
3º premio: 75 €

- “Premios especiais”

-1º premio especial dotado de 125 € ao mellor disfrace individual ou grupo do concello (sempre que non resulte premiado noutra categoría)

-2º premio especial dotado de 75 € ao mellor disfrace individual ou grupo do concello (sempre que non resulte premiado noutra categoría)

-3º premio especial dotado de 50 € ao mellor disfrace individual ou grupo do concello (sempre que non resulte premiado noutra categoría)

Os/as participantes (individual ou grupo) que queiran optar aos premios especiais do Concello de Frades, deberán presentar no concello, antes de finalizar o prazo de inscrición, un listado de compoñentes co nome, apelidos, DNI e lugar de empadramento co fin de poder comprobar polo concello si están efectivamente empadroados/as en Frades.

-Nas categorías de premios especiais considerarase que os grupos pertencen ao Concello de Frades cando a metade dos/as compoñentes estean empadroados/as no mesmo.

-No caso de que no grupo ou comparsa vaian mesturados nenos e adultos deberán anotarse na categoría de adultos. Si se anotan na categoría infantil, soamente se valorará aos nenos e nenas, non ás persoas adultas, exercendo éstas de acompañantes.

-Cada persoa soamente poderá participar nun categoría, non se poderá presentar individualmente e pertencer ao mesmo tempo a un ou varios grupos.

#### **SEXTA:**

A selección das gañadoras e/ou dos gañadores levarase a cabo o propio día do concurso segundo valoración dun xurado composto de tres membros e designado para tal fin polo Concello de Frades. Valorarase a orixinalidade e a laboriosidade, podendo declararse deserto calquera premio se a xuízo do propio xurado non se reúnen os méritos suficientes.

#### **SÉTIMA:**

A entrega de premios efectuarase con posterioridade ao concurso, previa presentación de certificación bancaria nas dependencias municipais.

#### **OITAVA:**

Normas finais

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por parte dos concursantes das presentes bases.

No caso de que algunha das categorías quede deserta, os premios destinados a esa categoría poderanse repartir segundo criterio do xurado.

Así o dispoño, en Frades a 17 de xaneiro de 2024.

O alcalde,

Roberto Rey Martínez